



Plan de acción tutorial e atención ás necesidades
específicas de apoio educativo da Facultade de Ciencias
Xurídicas e do Traballo

Data de validación en Comisión de Calidade 28/10/2020

Data de aprobación en Xunta de Facultade 06/11/2020

Índice

1) PRESENTACIÓN	2
2) FICHA BÁSICA DO PAT DO CENTRO.....	3
3) OBXECTIVOS XERAIS.....	4
4) PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO PAT	5
5) AXENTES IMPLICADOS.....	5
5,1) EQUIPO DECANAL	5
5,2) COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE.....	5
5,3) COORDINACIÓN DO PAT-ANEAE	6
5,4) PERSOAS TITORAS	6
5,5) CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PERSOAS COORDINADORAS E PERSOAS TITORAS.....	8
5,6) ESTUDANTADO TITOR.....	8
5,7) ESTUDANTADO.....	9
6) ORGANIZACIÓN XERAL	9
7) METODOLOXÍA.....	9
8) PLAN DE TITORIZACIÓN PAT-ANEAE: ORIENTA-T	10
8,1) ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA E PRESENTACIÓN DO PAT ANEAE	10
8,2) CICLOS DE CONFERENCIAS, SEMINARIOS E/OU XORNADAS	11
8,3) ACTUACIÓNS DE APOIO E SEGUIMENTO	11
8,3,1) <i>Accións co profesorado titor.....</i>	<i>11</i>
9) AVALIACIÓN	12
10) CRONOGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DO PAT-ANEAE: ORIENTA-T	13

1) Presentación

O Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT- ANEAE) da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. As accións específicas de apoio educativas que sexa necesario implantar para atender as necesidades do alumnado, integraranse neste mesmo plan, buscando a completa sistematización e normalización de actuacións integrais nunha ferramenta única, completa e heteroxénea.

A implantación deste modelo de PAT-ANEAE, supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio educativas e integradoras baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc.; apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal e a integración de alumnado con necesidades específicas. Ambas dimensións inciden dunha forma directa ademais no desenvolvemento académico e o éxito profesional.

Esta ferramenta consolida unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do alumnado, que normaliza as distintas accións co obxectivo de acadar un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no actual marco de educación superior.

O Plan de acción tutorial e atencións ás necesidades específicas de apoio educativo apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación cara o aprendizaxe etc., recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos como no sistema de garantía de calidade do centro e vertebrados tamén, a través do Programa de atención ás necesidades específicas de apoio educativo ou programa equivalente que o substitúa ou inclúa.

Dimensión	Descrición
Académica	Referida a aspectos da vida universitaria, plans de estudo, elección de materias,...
Profesional	Relacionada coa preparación e desempeño do posto de traballo.
Persoal	Relacionada con problemas persoais, familiares, emocionais, afectivos e de educación en valores.
Social	Destinada a cuestións como información sobre axudas e servizos de organismos nacionais, europeos ou internacionais.
Administrativa	Relativa a información sobre requisitos administrativos, matriculación, avaliacións, ...

2) Ficha básica do PAT do centro

<p>Ámbito de aplicación :</p>	<p>Todas a titulacións do centro de grao e mestrado:</p> <p>Graos en Dereito; Relacións Laborais e RRHH e Dobre Grao en ADE-Dereito.</p> <p>Mestrado en Avogacía, Mestrado en Menores e Mestrado en Xestión e Dirección Laboral.</p> <p>Curso ponte de RLL e RRHH</p>
<p>Persoas</p> <p>Coordinadoras do PAT- ANEAE</p>	<p>A coordinación xeral do programa PAT-ANEAE recae na persoa designada polo equipo decanal para tal fin. A coordinación ten dúas dimensións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coordinación académica ou tutorial. • Coordinación das accións derivadas das necesidades específicas de apoio educativo. <p>Podería nomearse especificamente a unha persoa coordinadora PIUNE que asumiría a organización das accións destinadas á atención das necesidades específicas de apoio educativo (segunda dimensión). Neste caso actuaría de forma coordinada e colaborativa coa coordinadora xeral no desenvolvemento do PAT-ANEAE. A súa intervención centraríase na coordinación das accións destinadas ao alumnado do centro con necesidades específicas de apoio educativo inscritos no PIUNE (ou programa equivalente) e sería un enlace fundamental entre a UNATEN os tutores e titoras PIUNE (ou programa equivalente)</p>

3) Obxectivos xerais

O PAT do centro pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos das titulacións do centro mediante a asignación dunha persoa titora.
- Implantar un sistema de información para todo o estudantado sobre o funcionamento do centro.
- Motivar unha participación activa de todo o alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Incentivar a participación en programas de mobilidade, así como noutras actividades de carácter específico ou transversal que complementan a súa formación universitaria.
- Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro. Este obxectivo ten especial relevancia no caso dos másteres.
- Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do Programa de atencións ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro inscrito nel. A persoas/s coordinadoras do PAT-ANEAE manterán unha comunicación directa coa UNATEN (Unidade de Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) e trasladarán ao profesorado e persoas titoras (se os houbera) a programación de actividades a desenvolver e/ou as adaptacións acordadas para garantir a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades desta alumnado. As adaptacións son establecidas pola COATEN (Comisión Técnica de Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) no marco do desenvolvemento do programa.
- Axudar ao alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica informándolle dos servizos da universidade que poden atender a súa situación específica.
- Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.

4) Principios de actuación do PAT

Os seguintes principios constitúen as bases éticas e legais fundamentais de actuación para os distintos implicados no desenvolvemento do PAT:

- Principio de privacidade e confidencialidade. A información non ha de saír das canles e dos procedementos estritos para os que se xera, e será privada e confidencial e en todo caso conforme a lei
- Respecto aos dereitos do estudiantado, segundo as normas da Universidade de Vigo.
- Coordinación e colaboración entre os distintos axentes participantes no PAT.
- Optimización dos recursos do centro e da universidade dispoñibles.
- Elaboración de documentos escritos que permitan a posterior análise e valoración de resultados e a mellora do proceso.

5) Axentes implicados

5,1) Equipo decanal

O equipo decanal participa no deseño do PAT-ANEAE, pero a súa función fundamental está ligada á promoción e ao desenvolvemento deste.

Elevará, para que aprobe a Xunta de Centro, a proposta documental do PAT, así como os criterios de selección e establecemento do profesorado e do alumnado titor e os criterios de asignación do estudiantado titorizado.

Velará polo cumprimento das accións acordadas e impulsará, xunto coa Comisión de Garantía de Calidade, as melloras oportunas á vista dos resultados obtidos.

5,2) Comisión de Garantía de Calidade

Como principal órgano de seguimento da calidade no centro, deberá analizar os informes parciais ou finais que lle entregue o/s coordinador-es/as do PAT-ANEAE ou calquera axente implicado e determinar

as accións de mellora oportunas no funcionamento do mesmo. Deberá velar porque o procedemento de orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo do sistema de calidade do centro cumpra os requisitos e estea permanentemente actualizado.

5,3) Coordinación do PAT-ANEAE

A coordinación de programa recaerá na persoa ou persoas nomeadas polo equipo decanal para apoiar o desenvolvemento do PAT-ANEAE.

Se nomeará a unha persoa como coordinadora xeral do PAT-ANEAE, pero poderá tamén nomearse especificamente a unha persoa coordinadora PIUNE que asumirá a organización das accións destinadas á atención das necesidades específicas de apoio educativo. De selo caso, ésta actuará de forma coordinada e colaborativa coa primeira no desenvolvemento do PAT-ANEAE. A súa intervención centraríase na coordinación das accións destinadas ao alumnado do centro con necesidades específicas de apoio educativo inscritos no PIUNE (ou programa equivalente) e sería un enlace fundamental entre a UNATEN os titores e titoras PIUNE (ou programa equivalente) (se os houbese), o profesorado, os departamentos e o equipo decanal/directivo.

Ambos coordinadores, actuarán como interlocutores/as entre os distintos axentes implicados e serán os responsables de coordinar a recollida da información relevante que permitirá o correcto seguimento de todo o Plan e facilitará a súa mellora continua.

A Información (accións, incidencias, resultados) relevante recollerase nun Informe Final que será analizado e validado pola Comisión de Calidade do Centro ao remate de cada curso académico.

5,4) Persoas titoras:

Do PAT-ANEAE en xeral e específicos para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo-ANEAE.

O labor de tutoría susténtase no establecemento dun vínculo académico particular entre os titores/as e o alumnado titorizado. Trátase dunha relación que permitirá coñecer o estudantado noutras facetas distintas da netamente docente, posto que se lle vai aconsellar e orientar noutros aspectos da súa vida académica. Esta relación está baseada, fundamentalmente, en principios de confianza, comunicación e respecto entre ambas as partes.

O titor PIUNE (ou programa equivalente) se fora necesario, será o titor que acompañará a unha alumna ou a un alumno con necesidades específicas de apoio educativo do centro inscrito no PIUNE (ou programa equivalente), acompañándoo en todo o proceso de integración e coordinando e trasladando ao profesorado implicado as medidas, accións ou ferramentas que debe ter en conta no desenvolvemento da docencia cara a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e co obxectivo de que se garanta os seus dereitos e poida acadar con éxito os obxectivos académicos.

A necesidade de nomear un ou varios titores/as PIUNE virá determinado pola análise da COATEN e a UNATEN cada curso académico, tras o análise das situacións, características e necesidades do alumnado do centro inscrito no PIUNE.

Titores/as xerais do PAT-ANEAE:

As funcións básicas do titor/a serán as seguintes:

- Aconsellar o alumnado na toma de decisións académicas de acordo cos seus criterios, gustos, preferencias etc.
- Orientar na solución das dúbidas e inconvenientes burocráticos que no marco do curso académico poidan atopar.
- Transmitir a información precisa sobre os servizos e as actividades que se realizan no centro e na Universidade de Vigo e poidan ser do interese do grupo de estudantes.
- Informar e fomentar sobre a participación do estudantado nos órganos colexiados do centro e da universidade, nas actividades que se desenvolvan no centro e mesmo no propio PAT-ANEAE e, en xeral, na vida universitaria.
- Recoller a información necesaria para desenvolver as actuacións do PAT-ANEAE relativas ao seu grupo de alumnado.
- Rexistrar a información de acordo co establecido para a súa posta a disposición da coordinación do PAT-ANEAE e da dirección do centro.
- Asistir ás reunións organizativas e ao desenvolvemento do PAT-ANEAE ao que sexa convocado pola coordinación do PAT e/ou a dirección do centro.
- Colaborar na realización de informes e enquisas de satisfacción ligadas ao PAT.

Titores/as PIUNE (ou programa equivalente):

As funcións básicas do Titor/a-PIUNE axustaranse ao disposto REGULAMENTO DE ATENCIÓN AO ESTUDANTADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

- Acompañamento, asesoramento e axuda directa ao alumnado PIUNE titorizado.

- Interlocución entre a Coordinación do PAT-ANEAE e o profesorado no desenvolvemento das accións ou adaptacións que se teñan acordado para o desenvolvemento do proceso de ensinanza–aprendizaxe.

5,5) Criterios de Selección de persoas coordinadoras e persoas titoras:

Os criterios de selección e ou nomeamento das persoas coordinadoras e persoas titoras no centro será establecida polo Equipo Decanal en coordinación coa Comisión académica de Mestrado no ámbito de aplicación dos Mestrados.

Teranse en conta as seguintes consideracións:

- Cada titor/a titorizará unha titulación completa (isto é, tanto no Grao en Dereito, como no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, e no Dobre Grao de ADE-Dereito, ademais dos Mestrados). Desempeñará a súa tarefa de xeito coordinado e colaborativo coa persona coordinadora da titulación que titoriza, trasladando a esta última todos os asuntos relacionados co desenvolvemento da docencia que poideran ser recabados.
- Poderán ser titores/as o profesorado do centro con vinculación permanente, xunto co profesorado axudante, axudante doutor e asociado. Tamén poderían participar como titores (mentores) os alumnos e alumnas de cursos superiores tras un proceso de formación.
- A persoa titora dunha titulación será elexida, preferentemente, entre o profesorado que imparte docencia na titulación.
- Unha mesma persoa non poderá titorizar a alumnado de máis dunha titulación.

5,6) Estudantado titor

A efectos de dinamizar a participación do alumnado, fomentárase a súa implicación nun programa de mentorización. A persoas encargadas da titorización dunha titulación, poderían contar deste xeito con alumnado (de terceiro ou cuarto curso) que participase na titorización de alumnado de novo ingreso. Este programa podería contribuir á mellora da comunicación e os resultados.

A figura do estudantado titor resulta importante dende dúas ópticas diferentes: por unha banda, a interacción con outro alumnado de cursos superiores facilita a integración do estudantado de novo ingreso en todos os aspectos da vida académica. A relación entre o propio alumnado permite unha comunicación horizontal máis próxima e espontánea.

Por outra banda, non menos importante é a experiencia formativa que adquire o propio alumnado titor, que se converte en axudante doutras e doutros estudantes.

As funcións do estudantado titor serían:

- Informar o grupo de alumnado correspondente das actividades, servizos, iniciativas, programas etc., ofertados polo centro e pola universidade.
- Participar na acollida e na integración do alumnado de novo ingreso e do estudantado alleo procedente de programas de mobilidade.
- Colaborar activamente nas reunións que se organicen dentro da planificación do PAT-ANEAE.
- Colaborar na realización de informes e enquisas de satisfacción ligadas ao PAT-ANEAE.

5,7) Estudantado

Son as persoas destinatarias do PAT-ANEAE. A elas dirixense as actuacións programadas co fin último de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

6) Organización xeral

Tanto a estrutura do PAT como o deseño de actividades deben ser sometidos a validación da Comisión de Calidade do Centro e aprobado en Xunta de Centro.

Ao inicio do curso académico informarase aos distintos implicados do PAT-ANEAE da distribución definitiva de cada grupo de alumnado-persoa titora asignada e de se lo caso titor/a PIUNE-alumno/as. Publicarase tamén o calendario (data, hora, lugar) das distintas accións e calquera outra información relevante para o desenvolvemento do PAT-ANEAE

Os centros poderán vertebrar accións titoriais a través de plataformas virtuais, e sesións online.

7) Metodoloxía

A pedagogía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e da construtividade, concedéndolle ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, onde o rol do/da -titor/a é de mediador/a e facilitador/a.

Polo tanto, para realizar eficazmente o traballo de titoría, emprégase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, ás súas necesidades específicas de apoio educativo.

Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e a axuda do titor/a quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador/a que tenta favorecer:

- A integración do alumnado na vida universitaria e nos procesos de formación.
- A aprendizaxe autónoma do alumnado e a toma de decisión.
- O axeitado desenvolvemento curricular do estudiantado.

Tanto no deseño como na planificación e na implantación do plan é imprescindible a cooperación e a coordinación de todos os axentes que participan nel e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo.

Con este método de traballo preténdese contribuír ao reto iniciado co Espazo Europeo de Educación Superior, de desenvolver unha educación superior baseada en competencias.

8) Plan de titorización PAT-ANEAE: ORIENTA-T

8,1) Actuacións de acollida e presentación do PAT ANEAE

Ao inicio do curso, o Equipo Decanal informará do PAT-ANEAE aos distintos axentes implicados co fin de realizar a distribución definitiva das distintas accións, do alumnado e horarios entre as persoas titoras, titores- alumnos, aulas de atención, etc. (ver anexo I).

No acto de benvida o equipo decanal do centro recibe o alumnado de novo ingreso dos graos e os responsables dos mestrados ao alumnado que inicia estudos de mestrao. Entre a información que se ofrece ao alumnado neste acto inclúese:

- Información xeral dos estudos.
- Guías docentes.
- Importancia do PAT-ANEAE.
- Canles, instrumentos e ferramentas de participación do alumnado na toma de decisións e mellora do centro e as titulacións (enquisas, canal de QSP, órganos de participación...)
- Invítase a persoas de servizos relevantes como: Servizo de Deporte, Biblioteca, Oficina de Relacións Internacionais, Extensión Cultural, Siope
- Información sobre o PIUNE (ou programa equivalente)
- Etc.

8,2) Ciclos de conferencias, seminarios e/ou xornadas

Trátase de accións formativas organizadas dende o centro e que complementan a formación das alumnas e alumnos de graos e mestrados. Permítenlle ao estudantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración nas titulacións e no centro e mesmo mellorar a súa información sobre o mercado laboral e o emprego.

A oferta de accións de orientación profesional ao alumnado de último curso de graos e mestrados é especialmente relevante, porque, en moitas ocasións, este nivel académico é o paso previo que anticipa a súa entrada no mercado laboral é un momento chave no seu posterior desenvolvemento profesional. Neste bloque inclúense:

- Foros de emprego.
- Visitas a entidades/ empresas relevantes.
- Conferencias a cargo de alumnado egresado do mestrado.
- Sesións ou obradoiros organizadas en colaboración coa Unidade de Emprego e Empredemento da Universidade de Vigo sobre:
 - Deseño do currículo e carta de presentación
 - Técnicas activas de búsqueda de emprego
 - A entrevista de traballo
 - Autoemprego e emprendimento
 - Rede Eures- Mobilidade Laborar en Europa

As accións que se determinen deben publicarse nun cronograma, coa antelación suficiente e de forma visible e accesible na web do centro para garantir a máxima difusión e acadar a máxima participación.

8,3) Actuacións de apoio e seguimento

Para o alumnado de cuarto curso organizarase unha sesión específica para tratar de forma ampla o desenvolvemento do Traballo de Fin de Grao (TFG).

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo manterá sesións de seguimento específicas coa persoa titora que teña asignada.

No desenvolvemento das accións de apoio e seguimento tamén podería colaborar alumnado-titor previamente seleccionado e tras recibir a información e formación necesaria e que deberá ser determinada no marco do propio PAT-ANEAE.

8,3,1) Accións co profesorado titor

O profesorado titor asesorará ao seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de dúas reunións anuais colectivas de carácter presencial co seu grupo de estudantes, unha nas primeiras semanas do curso e outra xa ben avanzado o mesmo. Entre ambas, o titor poderá celebrar, co seu alumnado, de xeito colectivo ou individual, as reunións que considere oportunas ou determine axeitadas para o correcto desenvolvemento da actividade.

A persoa titora realizará unha primeira sesión presencial de presentación entre o grupo de estudantado que titoriza. Facilitaralles o seu enderezo electrónico e outros datos de contacto co fin de que o seu respectivo grupo de estudantes se poida comunicar con el/ela no momento que o precise. As persoas titoras deben organizar a sesión de forma que os alumnos interveñan e intercambien ideas acerca das dificultades atopadas durante o curso. Tamén farán un seguimento da situación de cada alumno fronte ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, tratando de identificar os aspectos que dificultan este proceso. Así mesmo, a persoa titora velará para que os alumnos coñezan as guías docentes das materias, os sistemas de avaliación, convocatorias, etc., para asegurar que están a planificar axeitadamente as tarefas correspondentes.

Ao rematar o curso, os titores realizarán unha reunión colectiva final, de carácter presencial, na que intercambiarán cos estudantes os seus pareceres acerca do desenvolvemento do PAT, as debilidades que puideran detectar, dificultades que atoparon, posibles suxerencias, etc.

A información relativa ao desenvolvemento da docencia será trasladada á coordinación da titulación correspondente.

Por outra banda, a través de plataforma o estudantado deberá realizar a enquisa anónima que se habilitará en dita plataforma virtual ao rematar o curso (ver anexo III-A), cuxos resultados poden exportarse nun documento a efectos de evidencias.

Por último, salienta que a persoa titora poderá reunirse co alumnado en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento das titorías que se vaian realizando, establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados/as (véxase o anexo II).

9) Avaliación

A avaliación do PAT-ANEAE concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produtos).
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial, xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a súa finalización.

As principais fontes de datos serán:

- Documentación do PAT (fichas, anotacións, incidencias) recollida nun Informe Final do PAT-ANEAE que se presentará ao final de cada curso académico.
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Outros indicadores do impacto do PAT-ANEAE (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado, etc.).

10) Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEAE: ORIENTA-T

Plan de Acción Titorial e Atencións ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE		
Curso: 2022-2023		
Actuacións de acollida e presentación		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data prevista
Acto/s de acollida	Alumnado de 1º de Grao en Dereito	Setembro F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Grao en RRL e RRHH	Setembro F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Avogacía	VIGO: Setembro Ilustre Colexio de Avogados de Vigo PONTEVEDRA: Setembro Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra
	Alumnado de 1º de Mestrado en Menores	Setembro F. Ciencias Xurídicas e do Traballo

	Alumnado de 1º de Mestrado en Dirección e Xestión laboral	Setembro F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
--	---	---

Ciclos de conferencias, seminarios e xornadas

Todas as actividades formativas que se programen durante o curso serán publicadas con antelación suficiente na web da facultade. <http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/> e recollidas no Informe Final do PAT

Actuacións de apoio e seguimento

Actividade	Persoas Destinatarias	Data prevista
Sesión sobre TFG	Alumnado 4º	Xaneiro
Sesión sobre optatividade e itinerancia	Alumnado 2º/3º	Marzo
Xornada sobre mobilidade	Alumnado 2º/3º	Decembro

Accións co profesorado titor

Primeira Reunión	Alumnado titorizado	Outubro
Segunda reunión	Alumnado titorizado	Marzo-Abril